

Falamos? Pautas para facilitar a linguaxe no eido familiar



SE ESTÁN ENFADADAS/OS OU DIRÍXENSE A NÓS
DE FORMA INAXEITADA. PODEMOS
MODIFICAR ESTA CONDUCTA !.

VEXAMOS COMO:

1. Pola nosa parte deberemos ser amables e correctos ao falar
 2. Detallar as consecuencias dos seus actos. Explicar o porqué, evita que a pequena e o pequeno crean que as nosas decisións son tomadas por que sí.
 3. Da oportunidades (evita ameazar!) e facilita a posibilidade de recapacitar. Pode axudarnos contar ata un número determinado (sempre o mesmo: 1, 2, 3!), de forma que a pequena e o pequeno saiba que conta con ese tempo para pensar, recapacitar e cambiar de actitude.
 4. Poñerse ao nivel dos seus ollos, facilita a comprensión.
 5. Gratificar, ofrecéndolle felicitacións (exemplos: *como me gusta que me fales así!, *sei que te estás esforzando, parabéns!), xestos de aprobación e agarimos, como poden ser un sorriso, un abrazo. Facilita que se manteñan as condutas positivas.
- No caso de que non obedeza ou non cumpra, débese producir a consecuencia da que se advertiu.
- Isto último é importante, debido a que, de non ser así, o que se reforzará é a conduta de desobediencia e esta será máis probable no futuro.

BUSCA
CONSENSO
FAMILIAR!

A COMUNICACIÓN

Comunicámonos cando falamos, acompañándonos da expresión corporal: miradas, sorrisos, xestos, abrazos, silencios...

Cada familia é diferente, por iso cada nena e neno establecen unha relación única no seo familiar.

As veces pode resultar difícil establecer canles de diálogo para expresarse da maneira máis axeitada o que se quere dicir, con obxecto de que a nena e o neno reciba a mensaxe e o interprete de forma correcta.



Cando cometen moitos erros, procuraremos intervir só no máis importante, evitando corrixilo continuamente, porque conseguiríamos que non falase.




CEIP NOSA SEÑORA
DAS DORES
CEIP SAN XOAN
BAUTISTA
CEIP SOUTELO DE
MONTES

SE TES ALGUNHA
DÚBIDA OU
PRECISAS
ASESORAMENTO
SOLICITA UNHA
CITA A TRAVÉS
DA TITORÍA.



Fala atropelada :


1. Pedirlles que falen amodo.
2. Frealas e frealos se é preciso.
3. Pedirémoslle que respiren antes de falar.
4. Podemos corrixir a través da repetición das palabras que pronuncian mal. Evitando rirnos, facendo algún comentario do tipo "-fala fatal, etc", ou comparándoo con algún familiar da idade.



Ofreceremos un modelo de fala correcto.

As nenas e os nenos aprenden por imitación, polo tanto:

1. Evitaremos unha fala infantilizada (popó, mimir, ma, pa ...)
2. Utilizaremos expresións axeitadas.
3. Evitaremos berrarlles polos erros lingüísticos que cometan, que son normais na súa evolución, dándolles o modelo correcto, que bastará con repetila correctamente.
4. Cando cometen moitos erros, procuraremos intervir só no máis importante, evitando corrixilles continuamente, porque conseguiríamos que non falasen.
5. Cando non se lles entenda, poderemos finxir que non se lles oíu.
6. Evitaremos chamarlle a atención en grupo.



CONSELLOS PARA MELLORAR A FALA



No proceso de adquisición da linguaxe, a familia xoga un papel moi importante. A maneira en que lle falamos as nosas fillas e os nosos fillos, é fundamental para o desenvolvemento correcto da súa linguaxe. Segundo esta sexa axeitada ou non, poda determinar un desenvolvemento lingüístico máis acelerado, enlentecido ou retardado



COMO PODEMOS ESTIMULAR DENTRO DAS FAMILIAS?

Comunicándonos coas nosas fillas e fillos, adicándolles un tempo exclusivo para preguntar como lles foi o día, promovendo habilidades comunicativas e metalingüísticas a través de poesías, retahílas, trabalenguas, cancións con ritmos repetitivos, xogos de palabras que comecen, finalicen ou que leven, un determinado son (exemplo: coa "Ba", ou ou que teñan prohibido dicir unha determinada palabra (exemplo: a canción de "mi barba" - non se pode dicir "barba"), inventar rimas (exemplo: pato/cato/dato/zapato/).

No mercado podemos atopar música que conta con estas características, ou a través dos buscadores en google. Recomendamos os álbumes de Uxia a Lambona e a Banda Molona, Maria Fumaça, Mamá Cabra, Paco Pakolas.... Aproveitade os momentos que esteades en familia para conversar, facer xogos lingüísticos, cantar, e ler.

Podedes facer moitas actividades que favorecerán o desenvolvemento das vosas e vosos fillas/os

